



ACTUAMOS

Preparación previa:

- Preparar o vídeo "A marca do desperdicio de alimentos" da FAO, para a seu visionado na clase.
<https://www.youtube.com/watch?v=7uhicBad4VM>

Elaboración:

- Dividir a clase en grupos. Explicar a continuación:
Vimos nas actividades o importante que é o desperdicio de alimentos e a responsabilidade que temos os consumidores neste tema. Somos un elo máis na cadea da inxustiza do fame.
Pero debemos pensar que, aínda que tod@s somos parte do problema, tamén podemos ser parte da solución, porque vivimos nun mundo global e todo o que fagamos ten unha repercusión na nosa contorna e nos demais. Debemos adoptar unha postura responsable, tomar partido, actuar, porque está na nosa man cambiar as cousas. Os grupos debedes pensar accións concretas que nos permitan acabar co despilfarro de alimentos na nosa contorna. Por exemplo:
No supermercado
En casa á hora da comida
Cando nos reunimos (aniversario, festas)
Cando saímos a comer a un restaurante?

Estas accións deben ser perfectamente aplicables nas vosas vidas?

- A continuación, ver o vídeo e deixar que os grupos traballen. Cada unha das súas propostas, deben poñelas, de forma clara, nunha cartolina.
- Cando todos os grupos teñen as súas accións terminadas, unha persoa de cada grupo explica a súa proposta.
- Do mesmo xeito que os titulares da actividade 3, as ideas presentes nestas accións poden utilizarse como base para facer clipmetraxes.